

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 24.07.2019

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a Raquel Caruncho Corral
D^a Yolanda Vázquez Busto
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
D^a. Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Andrés Pérez Pérez
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Pena Mosquera
D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e catro de xullo de dous mil dezanove, xúntanse en sesión ordinaria organizativa do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

D. José Simoes Couceiro

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN CONSTITUTIVA DE 15.06.2019.
- SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN DE 27.06.2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN CONSTITUTIVA DE 15.06.2019.
- SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN DE 27.06.2019.



(Expediente TEDeC: 2019/G006/000108)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Sesión Constitutiva de 28.02.2019.
- Sesión extraordinaria de organización de 27.06.2019.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Sesión Constitutiva de 28.02.2019.
- Sesión extraordinaria de organización de 27.06.2019.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a venres 19 de xullo de 2019.”

Téndose detectado un erro na proposta, en tanto que

Onde di:

“...//...**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Sesión Constitutiva de 28.02.2019.

...//...”

Debe dicir:

“...//...**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Sesión Constitutiva de 15.06.2019.

...//...”

De seguido, non habendo intervencións, sométense a votación os borradores das actas por separado, por non teren estado presentes as mesmas persoas membro nas sesións cuxos borradores se someten a aprobación.

- Sesión Constitutiva de 15.06.2019.

Queda **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO. Aproba o borrador da acta correspondente á sesión:

- Sesión Constitutiva de 15.06.2019.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- Sesión extraordinaria de organización de 27.06.2019.

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. Andrés Pérez Pérez, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; e **1 abstención** de D^a Yolanda Vázquez Busto por non ter estado presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aproba o borrador da acta correspondente á sesión:

- Sesión extraordinaria de organización de 27.06.2019.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA AO CASTELO E A TORRE DOS ANDRADE E APROBACIÓN DEFINITIVA DA DITA ORDENANZA.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que de seguido se transcribe:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA
SESIÓN: CONSTITUTIVA E PRIMEIRA ORDINARIA DE DATA VENRES 19 DE XULLO DE 2019
EXPDTE: 2019/G012/000011
Sesión nº: 1/2015-2019

FASE 2ª: SESIÓN ORDINARIA:

1.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA AO CASTELO E A TORRE DOS ANDRADE E APROBACIÓN DEFINITIVA DA DITA ORDENANZA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO:



RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA AO CASTELO E A TORRE DOS ANDRADE E APROBACIÓN DEFINITIVA DA DITA ORDENANZA.

(Expediente TEdC: 2018/X999/000146 -2019/G006/000104)

En data 22/02/19 e rexistro n.º 20190000000661, Eduardo Veiga Piñeiro representante de Grupo Pontedeume Siglo XXI, presentou alegacións en relación á modificación da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade".

O contido das alegacións é o seguinte:

"(...) A lei lles obriga a cambiar dita ordenanza fiscal e non incorporan as novas formas de desfrute de estes Bens Culturais, como fixeron outros concellos... que ás persoas empadroadas no Concello non teñan que pagar por desfrutar dos seus bens culturais"
A Igrexa de San Miguel de Breamo, sendo ben cultural do Concello de Pontedeume deberá estar tamén incluída na ordenanza fiscal".

O iter procedemental deste expediente é o seguinte:

- Providencia da Alcaldía asinada con data do 11/01/2019 na que se indica que:

"Tendo en conta as dilixencias informativas abertas polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Ref.: VI-AC-036.18, referente ás visitas públicas gratuítas dos Bens de Interese Cultural (BIC) declarados, como son o Castelo dos Andrade en Nogueirosa e o Torreón dos Andrade na propia vila, documento con rexistro de entrada nº 2822 de 13.06.2018.

Logo de que o Concello tivera contestado ao requirimento contido no dito escrito en data 02.07.2018, rexistro de saída 2162. Visto o documento con rexistro de entrada nº 4130 de 13.09.2018 do Servizo de Patrimonio Cultural no que se advirte a esta entidade local da obriga de dar cumprimento ao establecido no 48.1.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o seguinte: "As persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en Xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente" e no que se advirte das consecuencias do suposto incumprimento, cualificado como infracción leve do tipo do artigo 129.e) da dita lei que derivaría na imposición dunha sanción económica.

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, Turismo e Comercio, dona Yolanda Vázquez Busto, de data 26 de outubro de 2018, na que se solicita que se proceda a dar unha nova redacción á Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo e Torre dos Andrade, publicada no BOP núm. 165 de 20 de xullo de 2005, baseando a proposta na necesidade de adaptar a citada ordenanza á Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e en que a ordenanza vixente ten unha redacción que resulta farragosa e desestruturada.

Á vista do contido do informe de Secretaría de data 10.12.2018",

Solicita: "Que por parte da Intervención municipal se emitan os informes técnicos e económicos que procedan, para a posterior aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade, polo órgano competente".

Informe de Intervención de referencia 10/2019, de asunto: "Modificación Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo e a Torre dos Andrade, expediente TEdC número 2018/X999/000146"

- Aprobación plenaria na sesión do 31/01/2019 da Ordenanza sinalada e exposición pública (BOP número 28, de 8/02/2019).

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Certificado emitido pola secretaria municipal indicando que: "salvo erro ou omisión involuntaria, e segundo o informe que se me traslada de data 09.04.2019 o expediente de "Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade" con todos os seus documentos, aprobado polo pleno do Concello de Ponte deume en sesión ordinaria, celebrada o día 31.01.2019 estivo exposto ao público durante os 30 días hábiles transcorridos dende o 11.02.2019 ata o 25.03.2019 ambos inclusive, cuxa exposición anunciouse por edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia nº 28 de 08.02.2019 e no taboleiro de anuncios do Concello dende o día 08.02.2018 ata o día 26.03.2018, ambos inclusive constando presentadas no Rexistro Xeral as seguintes alegacións: Con data de entrada 22/02/19 e rexistro n.º 20190000000661, por parte de Eduardo Veiga Piñeiro, representante de Grupo Ponte deume Siglo XXI.

-En data 16 de xullo de 2019, emitiuse informe 8/2019 por parte da Secretaría e Interventora; nas conclusións deste informe indícase que:

"Segundo o exposto anteriormente, as Entidades Locais non poden recoñecer beneficios fiscais aos veciños do municipio xa que non está previsto nunha norma con rango de Lei. Así mesmo, calquera diferenza de trato entre empadroados ou non, xa sexa para o pago dunha taxa ou un prezo público podería vulnerar o principio de igualdade. Con todo, sería posible establecer unha bonificación sempre que se atenda á capacidade económica.

Polo que fai a inclusión Igrexa de S. Miguel de Breamo, indicar que o Concello non dispón de título de propiedade nin de desfrute do referido ben, xa que da documentación obrante neste Concello a Igrexa de S. Miguel de Breamo pertence ao Bispado, polo que non está dentro das súas competencias a aprobación dunha taxa que contemple o feito impositivo recollido na referida Ordenanza Fiscal."

Por todo o anterior, esta Alcaldía-Presidencia somete a **DITAME** da Comisión Informativa, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por parte de Eduardo Veiga Piñeiro representante de Grupo Ponte deume Siglo XXI, en relación á modificación da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade", polas seguintes razóns expostas nas conclusións do informe de Secretaría e Intervención:

1.1.-Segundo o exposto anteriormente, as Entidades Locais non poden recoñecer beneficios fiscais aos veciños do municipio xa que non está previsto nunha norma con rango de Lei. Así mesmo, calquera diferenza de trato entre empadroados ou non, xa sexa para o pago dunha taxa ou un prezo público podería vulnerar o principio de igualdade.

1.2.-Polo que fai a inclusión Igrexa de S. Miguel de Breamo, indicar que o Concello non dispón de título de propiedade nin de desfrute do referido ben, xa que da documentación obrante neste Concello a Igrexa de S. Miguel de Breamo pertence ao Obispado, polo que non está dentro das súas competencias a aprobación dunha taxa que contemple o feito impositivo recollido na referida Ordenanza Fiscal."



SEGUNDO. Aprobar con carácter definitivo, a modificación na imposición da taxa e a redacción definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade.

TERCEIRO. Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

CUARTO. Notificar este acordo a todas aquelas persoas que presentaron alegacións durante o período de información pública.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado con este asunto.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume a 16 de xullo de 2019.”

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **5 votos a favor dos/las concelleiros/las do Grupo Municipal do PSdG-PSOE:** D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro, e **2 abstencións** dos concelleiros do PP (1): D. Andrés Pérez Pérez , e do BNG (1): D. Luis Pena Mosquera.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

O Alcalde Presidente explica que non se pode contemplar a opción de San Miguel de Breamo, xa que non é propiedade municipal.

O portavoz do PP manifesta a súa intención de votar a favor e se o Concello contempla a posibilidade de recoller unha exención.

O Alcalde-Presidente indica que o que se pode facer é darlle unha volta a contemplar unha bonificación pola capacidade económica.

O portavoz do BNG indica que considera necesario que colectivos coma Colexios non deberían pagar, se non está contemplado non é posible. En un principio o seu voto será a abstención porque falta vontade política.

O Alcalde-Presidente indica que falar de exencións, cando entrar no Castelo de Andrade é 1,00 Euros, quen non vai por 1,00 Euro non vai por 50,00 céntimos. Di que non ten inconvinte estudar esa posibilidade, pero tense que ter claro a contía da que se está a falar.

O portavoz do BNG considera que os fundamentos que di o Sr. Alcalde son fundamentos políticos.

O Alcalde-Presidente respóndelle ao portavoz do BNG que lle gusta manipular tal como consta no último pleno e nas redes sociais.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor** das persoas membro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e do Grupo Municipal do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **2 abstencións** da representación do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por parte de Eduardo Veiga Piñeiro representante de Grupo Ponte deume Siglo XXI , en relación á modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade”, polas seguintes razóns expostas nas conclusións do informe de Secretaria e Intervención:

1.1.-Segundo o exposto anteriormente, as Entidades Locais non poden recoñecer beneficios fiscais aos veciños do municipio xa que non está previsto nunha norma con rango de Lei. Así mesmo, calquera diferenza de trato entre empadroados ou non, xa sexa para o pago dunha taxa ou un prezo público podería vulnerar o principio de igualdade.

1.2.-Polo que fai a inclusión Igrexa de S. Miguel de Breamo, indicar que o Concello non dispón de título de propiedade nin de desfrute do referido ben, xa que da documentación obrante neste Concello a Igrexa de S. Miguel de Breamo pertence ao Bispado, polo que non está dentro das súas competencias a aprobación dunha taxa que contemple o feito impositivo recollido na referida Ordenanza Fiscal.

SEGUNDO. Aprobar con carácter definitivo, a modificación na imposición da taxa e a redacción definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade.

TERCEIRO. Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

CUARTO. Notificar este acordo a todas aquelas persoas que presentaron alegacións durante o período de información pública.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado con este asunto.

3.- MODIFICACIÓN DO ENDEREZO DA SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que de seguido se transcribe:

“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: CONSTITUTIVA E PRIMEIRA ORDINARIA DE DATA VENRES 19 DE XULLO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000010

Sesión nº: 2/2015-2019

FASE 2ª: SESIÓN ORDINARIA:

1.- MODIFICACIÓN DO ENDEREZO DA SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL.



A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE

MODIFICACIÓN DO ENDEREZO DA SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL.

(Expedientes TDeC: 2019/X999/000183-2019/G006/000103)

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29.12.2011, adoptaba o acordo relativo á creación e delegación da xestión da sede electrónica do Concello de Pontedeume (Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 11 de 17.01.2012), e de corrección de erros deste por acordo plenario de 23.02.2012 (BOP nº 43 de 02.03.2019) con enderezo electrónico (URL) de referencia: <http://sede.pontedeume.es>.

Considerando que o Concello de Pontedeume, ten incorporado o dominio “.gal”, compre a modificación do dito enderezo electrónico (URL), ao seguinte: <http://sede.pontedeume.gal> mediante a adopción formal do cambio polo órgano competente, tendo en conta a necesidade de solicitar un novo certificado de sede electrónica á vista da problemática xurdida co vixente, emitido polo provedor (Camerfirma) e xestionado dende a “Oficina de Rexistro centralizada de la Diputación provincial de A Coruña”, e os distintos navegadores de internet, para o que se require a remisión do dito acordo e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo se nos indica dende “Soporte” de Sedes Electrónicas da Provincia da Coruña.

Por todo o anterior, esta Alcaldía-Presidencia somete a **DITAME** da Comisión Informativa, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Modificar o enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do concello de Pontedeume, que pasará a ser: <http://sede.pontedeume.gal>.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, e tramitando perante a Deputación Provincial un novo certificado de Sede Electrónica do Concello de Pontedeume, co novo enderezo electrónico de referencia.

No entanto o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 16 de xullo de 2019.”

Non habiéndose intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, non habendo intervencións.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Modificar o enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do concello de Pontedeume, que pasará a ser: <http://sede.pontedeume.gal>.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, e tramitando perante a Deputación Provincial un novo certificado de Sede Electrónica do Concello de Ponte deume, co novo enderezo electrónico de referencia.

4.- APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA DE 25.04.2019, RELATIVO Á RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28.03.2019, POLO QUE FAI AO ACORDO DE APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2019.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que de seguido se transcribe:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: CONSTITUTIVA E PRIMEIRA ORDINARIA DE DATA VENRES 19 DE XULLO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000010

Sesión nº: 2/2015-2019

FASE 2ª: SESIÓN ORDINARIA:

2.- APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA DE 25.04.2019, RELATIVO Á RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28.03.2019, POLO QUE FAI AO ACORDO DE APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA DE 25.04.2019, RELATIVO Á RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28.03.2019, POLO QUE FAI AO ACORDO DE APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2019.

(Expediente TEdC: 2019/T004/000001-2019/G006/000106)

Á vista do contido do acordo relativo á "Modificación nº1 da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ponte deume" adoptado polo Pleno celebrado 31.03.2019, en sesión ordinaria e cuxa aprobación definitiva foi publicada no BOP da Coruña nº 73 de 16.04.2019.



Logo de que o Pleno do Concello de Pontedeume, celebrado en sesión ordinaria o 25.04.2019, adoptara o acordo relativo á “Aprobación de rectificación de erros do acordo adoptado polo Pleno celebrado en sesión ordinaria de 28.03.2019, relativo á aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Pontedeume para o exercizo de 2019”.

Téndose detectado un erro no contido do punto primeiro do acordo sinalado no parágrafo anterior, en tanto que no cadro de persoal o posto de Tesoureiro, indica que a praza se encadra na subescala de entrada, cando o posto, conforme ao acordo adoptado relativo na modificación nº1 da RPT pertence ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional, non consta categoría de entrada.

Compre a rectificación do punto primeiro do acordo adoptado en sesión ordinaria de 25.04.2019, no seguinte senso:

“ONDE DI:

PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

| PERSOAL FUNCIONARIO | | | | | | | |
|---------------------|----------|--------|------------------|--------------|---|-----------|---|
| CÓDIGO | POSTO | GR./CD | Número de prazas | Escala | Subescala | Situación | OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual) |
| ...//... | | | | | | | |
| 02.00.00. 01.08 | TESORERO | A1-28 | 1 | Ad. Xeral | Intervención- Tesoureria. Categoría de Entrada | Vacante | |
| ...//...” | | | | | | | |

DEBE DICIR:

“PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

| PERSOAL FUNCIONARIO | | | | | | | |
|---------------------|----------|--------|------------------|--------------|---------------|-----------|---|
| CÓDIGO | POSTO | GR./CD | Número de prazas | Escala | Subescala | Situación | OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual) |
| ...//... | | | | | | | |
| 02.00.00 .01.08 | TESORERO | A1-28 | 1 | Ad. Xeral | Intervención- | Vacante | |

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | | | | | |
|-----------|--|--|--|--|-------------|--|--|
| | | | | | Tesoureria. | | |
| ...//..." | | | | | | | |

Tendo en conta o que se dispón no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, segundo o cal "Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos".

Considerando que estaríamos ante un erro material que, segundo establece o Tribunal Constitucional na sentenza do 10 de decembro de 1991, "(...) lo cierto es que la jurisprudencia del Tribunal Supremo, siguiendo ese camino y sobre la base de su experiencia casuística, ha establecido unos criterios interpretativos que permiten limitar el concepto de "error material" a aquellos supuestos en que el error es apreciable de manera directa y manifiesta, sin necesidad de acudir a interpretaciones o razonamientos más o menos complejos, de tal manera que su corrección no cambie el sentido de la resolución, manteniéndose éste en toda su integridad después de haber sido subsanado el error. Por lo tanto, es "error material" aquel cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de clarificación jurídica o nuevas y distintas apreciaciones de prueba, ni supone resolver cuestiones discutibles u opinables por evidenciarse el error directamente al deducirse, con toda certeza, del propio texto de la Sentencia, sin necesidad de hipótesis, deducciones o interpretaciones".

O concepto de erro material elaborado polo Tribunal Supremo recóllese na Sentenza do 15 de febreiro de 2006: "La jurisprudencia de esta Sala como expone el motivo viene realizando una interpretación del error material que puede resumirse o compendiarse del siguiente modo: el error material o de hecho se caracteriza por ser ostensible, manifiesto e indiscutible, implicando, por sí solo, la evidencia del mismo, sin necesidad de mayores razonamientos, y exteriorizándose prima facie por su sola contemplación (...)."

*Considerando que a rectificación do erro material ou aritmético supón a subsistencia do acto -o acto mantense unha vez subsanado o erro-, xa que o acto materialmente rectificado segue a ter o mesmo contido logo da rectificación, cuxa única finalidade é eliminar os erros de transcripción ou de simple conta co fin de evitar calquera posibe equívoco, propónse á Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno que dictamine favorablemente a seguinte **PROPOSTA**:*

PRIMEIRO.- *Rectificar o punto primeiro do acordo adoptado en sesión ordinaria de 25.04.2019, polo que fai o acordo relativo á "Aprobación de rectificación de erros do acordo adoptado polo Pleno celebrado en sesión ordinaria de 28.03.2019, relativo á aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Ponte deume para o exercizo de 2019".*



ONDE DI:

“PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

| PERSOAL FUNCIONARIO | | | | | | | |
|------------------------|----------|--------|------------------|--------------|---|-----------|---|
| CÓDIGO | POSTO | GR./CD | Número de prazas | Escala | Subescala | Situación | OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual) |
| ...//... | | | | | | | |
| 02.00 .00.0 1.08 | TESORERO | A1-28 | 1 | Ad. Xeral | Intervención- Tesoureria. Categoría de Entrada | Vacante | |
| ...//...” | | | | | | | |

DEBE DICIR:

“PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

| PERSOAL FUNCIONARIO | | | | | | | |
|------------------------|----------|--------|------------------|--------------|------------------------------|-----------|---|
| CÓDIGO | POSTO | GR./CD | Número de prazas | Escala | Subescala | Situación | OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual) |
| ...//... | | | | | | | |
| 02.00. 00.01. 08 | TESORERO | A1-28 | 1 | Ad. Xeral | Intervención- Tesoureria. | Vacante | |
| ...//...” | | | | | | | |

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Persoal e Intervención Municipais, aos efectos da publicación definitiva do documento, unha vez concluído o trámite de exposición pública sen que se tivera presentado alegación algunha.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 16 de xullo de 2019.”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habiéndose intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, non habendo intervencións.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Rectificar o punto primeiro do acordo adoptado en sesión ordinaria de 25.04.2019, polo que fai o acordo relativo á “Aprobación de rectificación de erros do acordo adoptado polo Pleno celebrado en sesión ordinaria de 28.03.2019, relativo á aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Ponte deume para o exercizo de 2019”.

ONDE DI:

“**PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.**

| PERSONAL FUNCIONARIO | | | | | | | |
|----------------------|----------|--------|------------------|-----------|--|-----------|---|
| CÓDIGO | POSTO | GR./CD | Número de prazas | Escala | Subescala | Situación | OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual) |
| ...//... | | | | | | | |
| 02.00.00.01.08 | TESORERO | A1-28 | 1 | Ad. Xeral | Intervención-Tesourería. Categoría de Entrada | Vacante | |
| ...//...” | | | | | | | |

DEBE DICIR:

“**PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.**

| PERSONAL FUNCIONARIO | | | | | | | |
|----------------------|-------|--------|------------------|--------|-----------|--|--|
| | POSTO | GR./CD | Número de prazas | Escala | Subescala | | |
| | | | | | | | |



| CÓDIGO | | | | | | Situación | OBSERVACIONES (Situación dos postos na data actual) |
|----------------|----------|-------|---|--------------|------------------------------|-----------|--|
| ...//... | | | | | | | |
| 02.00.00.01.08 | TESORERO | A1-28 | 1 | Ad. Xeral | Intervención- Tesourería. | Vacante | |
| ...//..." | | | | | | | |

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Persoal e Intervención Municipais, aos efectos da publicación definitiva do documento, unha vez concluído o trámite de exposición pública sen que se tivera presentado alegación algunha.

- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Dende a Presidencia proponse, para o seu tratamento pola vía de urxencia, dos asuntos seguintes:

- **OBRA DE RECUPERACIÓN DA SERVIDUME DE TRÁNSITO EN ESTEIRO (PONTEDEUME).**
- **ACORDO DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES AO EXPEDIENTE “EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARTICULARES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. PONTEDEUME. CLAVE: OH.315,1047.”**

A continuación o Sr Presidente somete a votación a ratificación da urxencia, coa conseguinte inclusión dos asuntos na orde do día da sesión para a adopción dos respectivos acordos, de ser o caso, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

De seguido, pásase a tratar o primeiro dos asuntos:

- APROBACIÓN DE PROXECTO PARA RECUPERACIÓN DA SERVIDUME DE TRÁNSITO EN ESTEIRO (PONTEDEUME)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DE PROXECTO PARA RECUPERACIÓN DA SERVIDUME DE TRÁNSITO EN ESTEIRO (PONTEDEUME)

(Expediente: 2019/G006/000056)

Vista a memoria valorada para a obra “Recuperación da servidume de tránsito en Esteiro” presentada pola Demarcación de Costas de Galicia (Ministerio para la Transición Ecológica – Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar) redactada polo enxeñeiro de

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

camiños Pablo Blanco Ferreiro en outubro de 2018 e con data de rexistro de entrada no Concello 08/02/2019 (nre 20199000000119).

Visto que o obxecto da presente memoria é a realización dunha senda peonil que comunique o campo de fútbol de A Gándara co paseo marítimo da ría de Pontedeume dende o paso baixo da AP-9, recuperando desta maneira a servidume de tránsito ao longo da marxe dereita de desembocadura do río Cabriavella, dando continuidade ao paseo marítimo e logrando mellorar de forma notable a seguridade viaria neste tramo coa segregación do tránsito peonil do tráfico rodado. As actuacións están orientadas á apertura dun sendeiro de 155 metros de largo cun ancho de 2,50 metros adaptándose sensiblemente á morfoloxía do terreno e recuperando a servidume de tránsito nese tramo.

Visto a medición e a confección de plano de parcela para incorporación a vias públicos redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Rafael M. Delgado Rodríguez con data de rexistro de entrada no Concello 26.04.2018 (1839).

Visto o informe técnico municipal de data 15.04.2019 sobre a viabilidade urbanística da actuación no que se conclúe que: "se verifica a viabilidade urbanística da actuación proposta".

Visto a exposición ao público da dita memoria valorada e o certificado de secretaría da exposición ao público e o seu resultado do 09.07.2019: "Entre o 12-02-2019 e o 14-03-2019 cumprimentouse a exposición ao público do expediente do proxecto RECUPERACIÓN DA SERVIDUME DE TRÁNSITO EN ESTEIRO, T.M. DE PONTEDEUME (A CORUÑA) e que atendendo ao informe do encargado do Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume asinado o 21 de marzo de 2019, salvo erro ou omisión non consta no Rexistro do Concello ningunha alegación nin reclamación presentada o dito proxecto."

Vistos os informes emitidos por parte de Pablo Blanco Ferreiro (Estudio Técnico Gallego), redactor do devandito proxecto, R.E. 2019000000299 de data 23 de xullo de 2019, nos que se indica que: "A execución das obras contempladas, non presupón en ningún caso aumento algún dos gastos e que as obras contempladas reducen substancialmente os gastos de mantemento e que dadas as características das obras, non se prevén gastos de conservación directos derivados da execución das mesmas. Non obstante, unha vez realizadas e coa finalidade de manter as condicións axeitadas de drenaxe e aspecto paisaxístico, sería convinte a realización anual da limpeza de borde e/ou gabias na lonxitude total da senda proxectada, e considera que os gastos de mantemento indicados suporían un custo total de 302,50 Euros/anuais."

Visto como consecuencia do anterior informe a escasa transcendencia dos gastos de mantemento que esta actuación comporta para a facenda municipal.

Vista a lexislación aplicable, isto é:

Lei 22/1988, do 28 de xullo de Costas

Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA** de **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Dar a conformidade á actuación “Recuperación da servidume de tránsito en Esteiro”, presentada pola Demarcación de Costas (Ministerio para la Transición Ecológica – Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar) redactada polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro en outubro de 2018.

SEGUNDO.- Recoñecer expresamente que consonte ao establecido no artigo 111.3 da Lei de Costas a obra “Recuperación da servidume de tránsito en Esteiro” está exenta do abono de taxas pola expedición de licenzas esixibles segundo a lexislación urbanística ao estar a dita obra comprendida no suposto de obra de interés xeral consonte ao artigo 111.1a) da Lei 22/1988 de Costas.

TERCEIRO.- Comprometerse o Concello que unha vez finalizadas as obras o mantemento destas será a cargo do Concello.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Demarcación de Costas de Galicia (Ministerio para la Transición Ecológica – Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar) para os efectos oportunos.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Por parte do Alcalde-Presidente explícase que coa actuación a realizar preténdese garantir que os rapaces accedan o paseo marítimo; Considera que esta actuación é necesaria.

O portavoz do BNG comenta que non entende a urxencia.

